

**BELÉN VILLAR GONZÁLEZ** voceira do PP de Ponteareas, **ANDRES SAMPEDRO**, **SILVIA FERNANDES**, **FRANCISCO REPRESAS** e **LINA LIMERES** concelleiros polo grupo do Partido Popular, ao amparo do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presentamos ante ese Pleno as seguintes **PREGUNTAS CON MOTIVO DO ESTANCAMENTO NA EXECUCIÓN DO SANEAMENTO DE AUGAS FECAIS NA PARROQUIA DE RIBADETEA.**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Augas de Galicia (Xunta) realizou no ano 2020 a revisión e adaptación ao novo Plan director de Ponteareas do Proxecto que existía dende o ano 2012 para o Saneamento integral das augas fecais na parroquia de Ribadetea, que actualmente carece do servizo con excepción da urbanización de A Freixa.

A competencia en materia de saneamento e abastecemento é municipal, según o artigo 25 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local, é dicir, que debe ser o Alcalde e o Goberno local do Concello os que impulsen estas obras, decidan as fases para executar o proxecto, e definan por onde se vai a comezar, ademáis de obter todos os permisos necesarios e traballar na búsqueda de financiación e a posible colaboración doutras administracións.

Polo tanto, feita a actualización do proxecto de saneamento para Ribadetea fai mais de 6 meses, que supón un investimento de 3,5 millóns de euros, e aínda que somos coñecedores de que non se pode comezar a verter na depuradora de Ponteareas como mínimo ata o ano 2024, que é a data que o Goberno central en Madrid prevé ter rematadas as obras de ampliación da Depuradora municipal e poder así recibir novos vertidos, dende o grupo municipal do PP facemos as seguintes PREGUNTAS ao Alcalde:

1. Qué xestións teñen feito para iniciar a execución das diferentes fases do Saneamento de Ribadetea?
2. Teñen a autorización da Confederación Hidrográfica para realizar as obras?
3. Cando teñen previsto comezar a rede de saneamento para augas fecais desta parroquia?

En Ponteareas, a 18 de febreiro de 2021



Asdo: Belén Villar González

**ATT: PLENO MUNICIPAL CONCELLO DE PONTEAREAS**